



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

BANDO

DON MANUEL ÁNGEL LEIS MÍGUEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA (A Coruña)

Polo presente comunícase a toda a veciñanza do Concello de Negreira que ante a situación de urxencia que está xerando o avance do coronavirus (COVID-19) este Concello adopta as seguintes medidas:

1ª.- A atención ao público nas dependencias municipais verase limitada a casos de urxencia e extrema necesidade, chamando previamente aos seguintes teléfonos:

Concello: 981 885 250/981 885 550

Centro de Información á Muller (CIM): 662 370 448

Fax: 981 885328

Dirección de correo: concello@concellodenegreira.es

Tamén se poderán levar a cabo as xestións precisas a través da Sede Electrónica: **sede.concellodenegreira.es**

2ª.- A suspensión de todas as actividades municipais deportivas, educativas, culturais, sociais, lúdicas e de calquer índole.

3ª.- Queda suspendida a feira dominical.

4ª.- Péchanse todas as instalacións municipais.

5ª.- Quedan suspendidas todas as autorizacións municipais para eventos, feiras, charlas e coloquios e demais actos.

Estas medidas levaranse a cabo durante as dúas próximas semanas e empezará a contar dende o venres 13/03/2020, con posibilidade de prórroga en función de cómo se vaian desenvolvendo os acontecementos.

O concello pide á veciñanza que colabore na loita contra o virus e siga as recomendacións do Ministerio de Sanidad, Consellería de Sanidade e do Concello de Negreira.

No caso de ter algún síntoma contactar co teléfono de información para a cidadanía **900 400 116**.

Negreira, 13 de marzo de 2020.

O alcalde

Manuel Ángel Leis Míguez

